

Núm.: 142/10

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** Adxudicación definitiva do contrato de obra "Saneamento e abastecemento en Alxán de Abaixo" (Real Decreto Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local).

### **ANTECEDENTES**

I. Por resolución de data 22 de abril de 2010 esta Alcaldía adxudicou provisionalmente, a obra "Saneamento e abastecemento en Alxán de Abaixo" á empresa "Construcciones Perez Portela, SL" polo prezo de 93.634,67 € e 14.981,55 € correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

II. A adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do Concello en data 23 de abril de 2010.

III. Visto que a adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario, requiríndoo para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.

IV. Visto que con data 29 de abril de 2010, a adxudicataria constituíu garantía definitiva por importe de 7.543,10 € e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO:**

**1º.-** Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato do "Saneamento e abastecemento en Alxán de Abaixo" aprobada por Resolución de Alcaldía de data 22 de abril de 2010.

**2º.-** Autorizar e dispoñer-lo gasto de 108.616,22 € con cargo ao Fondo estatal de investimento local e, en consecuencia, con cargo á partida 161.622 do orzamento do ano 2010.

**3º.-** Notificar a "Construcciones Perez Portela, SL", adxudicataria do contrato, a presente Resolución e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o día 11 de maio de 2010.

**4º.-** Publicar a adxudicación definitiva do contrato do servizo de "Saneamento e abastecemento en Alxán de Abaixo" no Perfil de contratante e no BOP.

**5º.-** A adxudicataria deberá comunicar o tamaño da empresa.

**6º.-** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Soutomaior, 7 de maio de 2010.

O ALCALDE

Ante min, SECRETARIA.